

José Rodríguez Varela, artesán responsable do Belén de Begonte

“É un éxito que o Belén dure 38 anos”

“É un éxito que o Belén de Begonte dure 38 anos”

O nome de José Rodríguez Varela pode ser descoñecido para a mayoría dos chairegos. Non así a súa obra: o Belén de Begonte. Este artista begontino traballa sen descanso os docé meses para que todos os galegos desfruten das novidades que ano a ano fan deste Belén animado o mais importante da nosa comunidade.

Os Beléns son parte indisoluble do Nadal. Van indefectiblemente unidos á súa natureza. Cada un de nós, cando eramos pequenos, cando axudamos a un fillo ou a un sobriño a montar un sabemos que estas datas están preto. Dámosselle o pistoletazo de saída a un tempo que a todos gusta. José Rodríguez Varela é un deses creadores de Nadal. O é a través da súa mellor obra: o Nadal de Begonte. Un xigantesco traballo que leva 38 anos abrindo o Nadal chairego.

TCX: ¿Qué novedades haberá este ano no Belén?

Aparte de darlle outro aspecto ao Belén, porque todos os anos se desfai parcialmente precisamente para que sexa diferente cada vez, introduciremos outras figuras. Así, retocaremos as figuras que xa había doutros anos e introduciremos as que fixemos este. Son todas con movemento, como unha cegóna que está a facer o seu niño, porque parece que estes paxaros venen moito ultimamente por aquí. Ademais, tamén haberá unha muller que está a acunar a un neno, unha lavandeira nova, unha barca de aquí da terra que navega polo río, un batuxo lle chaman; un pescador ao que se lle deu un aspecto mais natural, un home

que está a tratar de recoller froita dunha árbore cunha vara, ademais dunha pouca chuvia parcial e melloramos a néboa no Belén, para que pareza un pouco mais natural.

TCX: Cando se desmonta parcialmente, ¿Es para que se conserve mellor?

En parte é pola mellor conservación dos aparatos eléctricos que se precisan para mover o Belén. O musgo, que é natural, ten esa humidade que se leva moi mal coa electricidade. Por outra parte, tamén se fai para mellorar mais o conxunto, darlle outra forma, para variar e que non todos os anos sexa igual.

TCX: As figuras más antigas ¿Cánta idade poden ter?

Unha fragua antiga, que ten sobre 38 anos, a idade do propio Belén.

TCX: Levas sendo o artesán desta auténtica obra de arte desde o principio, ¿Non é?

Sí, desde o 1972. Comecei neste polo párroco anterior que nunha tertulia, como era un home moi enérxico e inquieto polo pobo, ocorréuselle a idea de facer un Belén na vila. A idea pareceuun boa e puxémos mans á obra. O primeiro ano tiña so 5 ou 6 metros cadrados.

TCX: ¿Foi un éxito desde o comezo?

O primeiro ano viñeron sobre 200 visitantes e a nós pareceu-nos que era moiísimo, que era un éxito total. Iso foi o motivo de que seguísemos con esta obra ata agora.

TCX: Agora son 40.000 ao ano...

Si, é un grande éxito. Pero non so o é que veña tanta xente, senón que esta iniciativa dure 38 anos, porque, normalmente, este tipo de cousas duran pouco por diferentes motivos: económico, cansanzo, aburrimiento... Pero este, de momento, vai prevalecendo.

TCX: E seguirá así por moitos anos...

Home, os anos contan, os relevos non se ven a simple vista, non hai xente que queira continuar con isto, e por iso chegará un momento en que acabe, como todo. Non teño relevo á vista, nin aspirante sequera.

TCX: É un pouco estranxo, porque o teu traballo, a través do Belén ten unha grande repercusión, debería

ser un caramelito para calquera artesán.


Para mim, si empecei teño que rematalo, non sei que me da deixalo de golpe. Por outra parte, non deixa de ser un entretenimento que da traballó, pero...

TCX: ¿Onde realizas os traballos, no teu taller propio, aquí?

Traballo na miña casa, como podo, contando coa paciencia da miña muller porque facer todo este traballo nun piso de Lugo é un pouco problemático.

TCX: ¿Cando comezas a elaborar as figuras?

Practicamente desde o 31 de xaneiro, case dende que as coloco comezo a pensar no que hai que facer o ano que ven. Emprego o meu tempo de ocio para ir facendo as figuras.



José Rodríguez Varela diante do Belén de Begonte

TCX: ¿Cómo decidides qué novedades teredes cada ano?

Pois facémolo un pouco entre o párroco de Begonte, Don Jesús Domínguez Guizán, e mais eu. Cada un ten as súas ideas e logo as poñemos en común. Imos pensando un pouco entre os dous e logo decidimos o que poñemos e o que desbotamos.

TCX: ¿Qué é o mais complicado de elaborar?

Quizais as figuriñas, porque

unhas veces te gustan, outras non, algunas son más complicadas e non che saen ben, as tes que desfacer e telas que reformar... é por isto que é o mais laborioso.

TCX: ¿En qué te basas para vestir os bonecos?

Como os anos xa che dan unha experiencia, xa sei a que podo recorrer. Para a vestimenta baséome na vestimenta rural de hai anos. Tamén vexo os oficios que houbo no pasado e que van en desuso agora, como o caso dos zoqueiros ou os ferrreiros. Agora está todo moi mecanizado e xa case non se sabe cómo se facían as cousas antes. Os pequenos non coñecen estes oficios. Moitas veces preguntan por algúna figura que non saben o que é, nin o qué está a facer, e, ao mellor, está afiando a gadaña de segar.

TCX: Este Belén, polo tanto, ademais de ter un contido relixioso, o ten tamén etnolóxico.

Este Belén ten esas dúas vertentes, a relixiosa e a social ou cultural. A primeira é consustancial ao propio Belén, mentres que a segunda, a cultural, amosa aqueles oficios e aquelas costumes vinculadas ás casas e ao tempo que deixamos atrás, sobre todo nesta zona nosa da Terra Chá.

TCX: ¿Cómo funcionan os mecanismos para dotar de movemento ás figuras?

Cada figura leva un motor pequeno e unha serie de mecanismos pequenos, mínimos, para que non se vexan. Logo facémosslles unhas articulacións, unhas bielas e unhas levas, ademais duns finais de carreira eléctricos para poder converter o movemento rectilíneo en circular e viceversa. Tamén temos unha instalación eléctrica con mais de cincocentos metros de cable que non se ven, pero que permiten que se leve a cada motor a súa conducción eléctrica. Este circuito está programado para que funcione de xeito automático cando debe.

TCX: ¿Qué materiais empregas nas figuras?
Emprego un pouco de todo, desde madeira ata plástico, pasando por barro, o que atopo.

TCX: ¿Qué é o mais fácil de modelar?
Depende para o que o empregues. Para as caras o barro, para os corpos madeira, que é o mais fácil de traballar e a que mellor resultado da.

TCX: ¿Cómo é que

aprendiches este oficio?

Son autodidacta. Sempre se me deu ben este tipo de traballos. tiven habilidade para este tipo de cousas.

TCX: ¿Cal é a virtude para facer este tipo de traballos?

O principal que hai que ter é paciencia, porque as cousas non saen á primeira. Ás veces un traballo que che levou ben de tempo tes que tiralo pola borda, porque non che gustou ou non che saíu como querías e hai que volver a empezar. Esta é a principal virtude que hai que ter. Facelo poderá ser mellor ou peor, pero acaba saíndo.

“Os anos contan e non hai ningún relevo á vista, nin aspirante sequera”

TCX: ¿Visitas outros Beléns? ¿Sérvenche de inspiración?

Non, o que temos aquí é, para ben ou para mal, creación propia.

TCX: ¿Viñeron algunha vez artesáns de outros lados a ver o Belén?

Si, sobre todo temos amizade con xente que monta un Belén en Folgoso de la Rivera, en León. Eles viñeron de casualidade a ver os primeiros que fa-

“Comezo o traballo case desde o día que coloco as figuras no Belén”

ciamos e nós logo lles botamos unha man, porque eles querían facer algo similar ao noso pero non tiñan experiencia.

TCX: ¿Cánto tempo sería preciso para poder ollar ben o Belén?

O Belén funciona como un ciclo que dura 12 minutos e niso pasa todo o que ten que pasar: o día, a noite, chuvia, neve, tormenta... todos os accidentes atmosféricos que hai. Nese tempo, como hai unhas cincuenta figuras mais ou menos, unhas funcionan de noite, outras de día, segundo o oficio. En 12 minutos non da tempo a velas todas, por iso a veces é mellor velas dúas veces que unha.